

# Xornada

## A pílara das dunas. Situación e perspectivas

9 de outubro de 2015

Centro de visitantes do Parque Nacional da Illas Atlánticas de Galicia (Vigo)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



Para comezar houbo unha charla informativa do técnico da DXCN Vicente Piorno, onde comentou as actuacións e avances no plan de conservación da especie. A seguir María Vidal da Universidade de Santiago de Compostela, presentou tamén diferentes estudos sobre a especie e datos sobre o plan de conservación e a súa elaboración e seguimento. Comentou os datos máis actuais das especie, e sinalou a alarmante situación da especie en Galicia. Salientou ademais as diferenzas na información e formación por parte dos técnicos e axentes da Xunta de Galicia no que se refire a xestión desta especie.



Houbo tamén unha mesa sobre iniciativas da pílara das dunas en Galicia, estivo presentes as entidades Anabam, SEO-Pontevedra, Grupo Naturalista Hábitat e ADEGA. As entidades presentaron os diferentes proxectos que ao longo da costa realizan: actividades divulgativas, formativas, de seguimento, e conservación desta especie ameazada. Tódolos grupos amosaron a súa dispoñibilidade a seguir coas súas iniciativas, pero tamén se puxo de manifesto a falta de recursos ou convocatorias para entidades ambientais por parte da administración que lles permitiran seguir con ditas iniciativas.

Despois do descanso para a comida houbo unha mesa redonda con diferentes usuarios e xestores das praias. Nesta mesa participou Jesús Santamarina, Xefe do Servizo da Biodiversidade da DXCN, Óscar Rivas, Presidente da Sociedade Galega de Ornitoloxía, Juan Latorre de Marea Kite School e Francisco Meis, técnico de Medio Ambiente do Grove.

Tentouse que nesta mesa tamén houbera un representante dos colectivos animalistas que solicitan o libre acceso de cans aos areais, coa finalidade de mostrarlles as consecuencias que estas mascotas teñen na conservación da pílara das dunas, pero aínda que se solicitou persoalmente, foi imposible conseguir que acudira algún representante.

Esta última mesa redonda xerou mito debate e alén dos 4 participantes principais, tamén puideron intervir moitos dos asistentes.

Primeiramente o debate xurdiu en torno ao acceso dos kitesurfistas ás praias con píllara das dunas. Tamén se debateu moito sobre a falta de recursos e formación. Unha grande parte dos asistentes pertencían á dirección xeral de conservación da natureza, gardas, zonais ou axentes interesados na especie, moitos deles con presenza de píllara na súa área de traballo. A súa maior queixa foi a falta de material para facer un seguimento da especie (carencia de prismáticos ou telescopios), tamén alegaron falta

de coordinación tanto a nivel galego, como entre a propia Xunta de Galicia e entidades conservacionistas.

As xornadas tiveron un notable éxito, contando coa participación de máis de 60 persoas. Non é habitual que unha xornada tan específica teña tal éxito de participación. Moitos dos asistentes amosaron o seu asombro ante a cantidade de persoas interesadas nesta especie. O que demostra unha necesidade imperiosa de aumentar os esforzos de traballo e económicos nomeados no plan de conservación.

Conseguíuse reunir a diferentes persoas implicadas no uso, xestión e conservación dos areas de Galicia. Esta situación facilita e permite un dialogo entre partes que de xeito habitual non podería existir.

Os temas tratados nas xornadas e os acordos aos que se chegaron poderán ser moi produtivos se se levan a cabo no futuro.

Os participantes interesados na conservación destas especie, nomearon a necesidade da creación dunha rede de contactos que axude a mellorar a comunicación entre as partes implicadas: administración, entidades conservacionistas, concellos e usuarios das praias. Esta lista podería servir para intercambiar información xeral ou concreta referida á conservación da especie; ficha de seguimento, tamaño dos xaulóns, etc. Para iso será preciso unha persoa que xestione unha lista de correo, e teña un teléfono no que poder atender as dúbidas e dar solución as cuestións que poidan xurdir entre as persoas interesadas.

